

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

P. Novo Folgueira (2004): “Os insultos. Unha cala na súa expresividade”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 651-676.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## OS INSULTOS. UNHA CALA NA SÚA EXPRESIVIDADE

*Paulino Novo Folgueira*

Radio Galega

*Non hai cousa deshonestas,  
que non se poida expresar  
con palabras honestas.*

(Giovanni Boccaccio, *Contos do Decamerón*, epílogo)

Raras veces foi tratado o tema directamente, se ben os paremiólogos saben ben da súa presenza e incluso teñen dedicados algúns capítulos a estudar ou facer observacións desta fonte expresiva da lingua que ofrece ilimitadas lecturas sobre a socioloxía dun pobo, sobre a creación e adaptación popular de palabras e sobre a semántica en xeral. Non debemos esquecer que os insultos aparecen explícitos en moitos ditos e refráns, algúns de claro estilo epigramático: *Home folgazán, no traballo llo verán, Labrador barallán non colle viño nin pan, Muller que moito se arremanga é unha maturranga, Ruín será na casa quen o vai pregoar á praza, Alfaiate das mentiras que todo o pano fai trizas*, etc.

O insulto é unha ofensa verbal que tende a provocar ou irritar. Propiamente, como derivado de SALTARE, leva implícito a idea de *saltar contra alguén*, sen embargo a aldraxe pode resultar suavizada e mesmo gratuíta dependendo do grao de carga negativa da palabra e do contexto, porque o insulto non deixa de ser un rexistro máis da expresividade dunha lingua e vai adquiri-las connotacións que esa mesma lingua, como vehículo de comunicación dun pobo que comparte un código e un contexto, lle vai conferindo. A nós, por exemplo, o insulto arxentino *boludo* vains soar estranxeiro e curioso, e nunca adquirirá a carga que para un porteño supón; igualmente é distinto o matiz que ten *fatuo* con respecto á súa evolución *fato*, o primeiro pertence a un rexistro máis elevado có segundo, aínda que pareza paradoxal situar os insultos en rexistros elevados da fala, o que tamén permite falar de distintos universos do discurso. Non cabe dúbida de que insultos do tipo *soez*, *zafio*, *vacuo* ou o anterior *fatuo* non son de todo populares e pódense situar nun rexistro culto.

De tódolos xeitos, este traballo intenta recoller aquelas palabras interxectivas que claramente se empregan para provocar e tamén aqueloutras que, sen procuraren agravio, destacan unha calidade negativa do individuo.

Comprobamos que se produce un gran intercambio de insultos entre linguas que os vai facendo universais, e esta universalidade tamén a imos percibir na tendencia a que acaben sendo comúns e mesmo permutables os seus usos, á marxe da orixe e contexto primixenio que puido ter cada un. Sen embargo existen especializacións de cada lingua, co que o insulto se particulariza na semántica e nos contextos, incluso con matices dramáticos propios de entoación, de dicción ou de acompañamento de acenos. Un dato importante no galego neste sentido é a expresividade dos sufixos, que nalgún momento poden colorear ou conferir gran viveza e vehemencia, ó expresaren non só os valores propios do sufixo, senón tamén os emocionais, os de compaixón ou os pexorativos, como sinala Xosé Ramón Freixeiro Mato no seu libro *Os diminutivos en galego* (pp. 109 e ss.), pensemos en *pardillo*, en *brután*, en *pandote*, en *nugallán*, en *godallo* (que rima con carallo, unha palabra malsoante) ou nas formas medievais *carallote* ou *conón*. Mesmo poden ter presenza algúns sufixos casteláns (caso de *-illo*, con marcado carácter pexorativo), que sempre van significar unha enfatización a maiores provocada polo paso a outro código (sucede o mesmo ca con algunhas interxeccións: ¡bien! ¡moi bien!).

A universalización dos insultos permítenos comproba-la coincidencia de insultos en linguas que están en contacto ou mesmo establecer coincidencias con outras linguas que non teñen esa proximidade. Sen embargo irán adquirindo valores e usos propios en función das persoas a quen llelos oiamos e das situacións e aplicacións que se lles dea, do mesmo xeito que os nomes de persoa adquiren connotacións dependendo dos individuos que coñecemos que os levan. Pero esa universalización tamén se manifesta nos significados, xa que a tendencia vai ser que se fagan comúns e perdan o matiz orixinal. É o caso de *bribón* (orixinariamente ‘o que inspira mágoa’) ou de *parvo* (‘pequeno’).

Entre os factores que inflúen nesa patrimonialización dos insultos están os de carácter sociolóxico, psicolóxico e histórico. Sen o axente da tradición, non teríamos *meco* (un personaxe lendario), nin *cachamuñas* (personaxe histórico), nin *choqueiro* (personaxe do Entroido, aínda que tamén habitante de Redondela), nin *zascandil*; sen o noso particular sentido do humor quedaríamos sen *parafuseira* (‘prostituta’) ou sen a gracia para crear insultos compostos do tipo *furafollas*, *pousafoles*, *furafoles*, *fervellasverzas*, *fervellocaldo*, *caramucheiro*, *caganabos*, que demostran o auténtico xenio e enxeño lingüístico; tam pouco sen a nosa concreta xeografía coñeceríamos *goldracha* (que nos recorda a lama); igual que sen a experiencia de pasar fame non se crearían tantos insultos que fan referencia a comer con voracidade: *lampantín*, *papón*, *lurco*, *larpeiro*, *lambón*, *comellón*, etc.

## FORMACIÓN DOS INSULTOS

Un insulto, ante todo, ten que ser contundente, ten que propiciar unha pronunciación rotunda, que soe forte, sen ambigüidades, con autonomía suficiente para que transmita toda a carga expresiva e non haxa que repetilo. Por eso na súa creación vai influí-la presenza

dalgunhas consoantes, sobre todo as oclusivas e as africadas, polo modo de articulación, e bilabiais, labiodentais e palatais, polo punto; e tamén as repeticións á maneira de aliteracións como *memo*, *bobo*, *lelo*, *papón* ou *tonto*. Estas dúas causas poden provoca-lo paso a insulto dalgunha palabra que orixinariamente non tería motivos, é o caso de *basto* (que tardou en aplicarse a persoas), *pendello* (que recorda unha construción), *badulaque* (que era un guiso ou unha chanfaina de mala calidade), *badoco* (que era unha froita que se abría antes de caer da árbore), etc. O éxito destes insultos confirmanolo a abundancia de variantes sobre algúns destes que se ofrecen a ser moi usados: sobre a base de *pel* podemos atopar *pelgacho*, *pelelleira*, *perilleira*, *pelendre*, *pelenxín*, *pelercho*, *pelexa*, *pelexo* ou *pelagatos*; como *pailán* hai *pailaroco*, *paifoco* ou *paiolo*; sobre *papón* hai *papamoscas*, *papanatas*, *paparote* ou *papán*; sobre *chafallas* hai *chafalleiro*, *chafulleiro*, e relacionados *chapuiceiro*, *chambón* e *chambrón*; a partir de *trampa* están *trapalleiro*, *trapallas*, *trapazas*, *trampón*, *trampullón*, *tramposo*, *trampuzas*, *trampeiro*, *trafulleiro*, *trapaceiro* ou *sacatruceiro* (de *sacatruza* ‘trampa, mentira’). Queda claro que os insultos teñen unha eufonía particular que moitas veces pode coincidir coa cacofonía convencional.

Tamén nesta adaptación ó mundo dos insultos poden aparecer evolucións semánticas de palabras levadas por analoxía fónica, como ocorre con *pámpano* (que ten moitas acepcións, entre elas ‘bacelo da videira’ ou ‘terrón grande’, pero que o seu parecido con insultos do tipo *pampo*, *papón*, *pailán*, *paifoco*, ou *pandote* provoca a súa inclusión nesta familia), con *bodoque* (que é un ‘nó dun bordado’ ou unha ‘bóla de barro’, pero que se ve influenciado por *badoco*), con *baldragas* (que era un xogo semellante ás damas, por *baldreu*), ou *tunante* por *moinante*. ¿De que outro xeito entenderíamos que *pánfilo*, etimoloxicamente ‘o que todo é amor’, incluso foi nome de persoa, chegase a ser insulto máis ca pola proximidade fónica con outros existentes? (Incluso pode haber outra explicación que nos leve igualmente a unha analoxía de formación con *zascandil*: *pánfilo* era o grito que acompañaba un xogo que tiña o mesmo nome e no que se pasaba un misto de man en man, *zascandil* era o que se berraba cando caía o candil e se apagaba a luz). Estas creacións de metasemia non se producen só en galego; en castelán, por exemplo, *manperlán* é un listón de madeira que cobre o bordo dos banzos, sen embargo, inexplicablemente, tamén ‘pícaro, astuto’. Asegúrolles que eu teño oído como insultos *sátiro* e *sádico*, sen dúbida a través dun proceso de malapropismo e disfemismo, descoñecendo os seus contidos sémicos referidos á lascivia, pero tendo consciencia de que podían ser de natureza negativa.

Incluso poden funcionar como insultos outras palabras ás que nun contexto determinado se lles aplica unha entoación irónica, adquirindo mesmo un sentido contrario ó que lles é propio (*¡guapa!*, *¡éche boa, é!*); a retranca galega propicia moitos destes exemplos, aínda que tamén se dan exemplos de claro artificio literario: *vouche chamar o que ninguén che chamou: ¡Muller honrada!*

Entre as procedencias dos insultos tamén podemos incluí-las de substantivos que destacan as actitudes dunha persoa: un *agonías* é o pesimista e o que se queixa continuamente; un *ciencias* é o que resulta insoportable por intentar demostrar que sabe de todo.

Pódense facer, ademais, adaptacións de palabras castigadas por teren un significado considerado socioloxicamente pouco limpo; é o caso de *furcia*, *puta* e demais derivados, ou *maricón*, *maricallas* e tamén derivados, *pixo*, etc., palabras ás que, por outra parte, ás veces se lles buscaron eufemismos imaxinativos, como as formas medievais *burato*, *chaga* ou *covón* para o órgano sexual feminino (o último tamén para o pube), *cabalo* para o pene, *compañoes* para os testículos, *lavrar* para fornicar, ou a metonímica voz *parafuseira*, que emprega Castelao para a muller que fai visitas amorosas ó veciño.

Tamén se tiran insultos dos alcumes, que non deixan de selos eles tamén, anque dunha maneira admitida e tácita. Recordemos que os cognomes latinos tiñan case sempre a súa procedencia precisamente nestes sobrenomes que facían referencia a características físicas ou morais. E relacionados cos sobrenomes están os nomes de personaxes que se universalizaron a través dos seus trazos negativos: ser un *xudas* é ser traidor, un *barrabás* é o indócil e perturbador, un *tartufo* un hipócrita (como debuxou Molière o personaxe con tal nome), un *xudeu* un avaro e usureiro. E un proceso semellante sofren algúns xentilicios que forman sinónimos pexorativos a partir do mesmo xentilicio: ser *galego* en Arxentina ou Portugal non se refire precisamente a ningún aspecto positivo, *portugués* noutros sitios pode ir acompañado desa connotación, e non digamos *sudaca*; pero incluso a oposición *chairego* e *ribeirego* pode ter tamén aires de insulto; ou *godo*, que a algúns emigrantes a América llelo chamaban recordando a presunción de nobreza que tivera este pobo fundador da monarquía medieval española. Neste grupo aínda incluíriamos aqueloutros que denominan pexorativamente habitantes dun lugar: *gato* para o que naceu en Madrid, *picheleiro* o de Santiago, *lagarto* o de Lira; os de Ferrol ós da Coruña chámanlles *cascarilleiros* e ós de Mugar dos *pulpeiros*, os de Camariñas chaman ós de Muxía *corvos* e estes a aqueles *carneiros*.

E non podemos esquecer outra boa fonte de insultos, dos insultos que quizais máis están no bico da lingua: os tomados de nomes de animais. Aquí non hai distincións entre animais autóctonos ou foráneos, de todos se recolle algunha “calidade”. Podemos empezar polo propio *animal* para denominar unha ‘persoa bruta’ e logo seguir por *pimpín* (un paxaro pequeno que se compara cun ‘home pequeno’), *serpe* (‘persoa pérfida’), *loro* (‘que fala moito’), *laverca* (‘persoa fraca’), *besta* (‘persoa ruda e ignorante’), *zorro* (‘persoa falsa’ ou ‘fillo de solteira’; no feminino tamén ‘prostituta’). A orixe é do castelán ou *raposo*, *moucho* (‘persoa opaca, non transparente’), *mulo* (‘persoa teimosa’), *xirafa* ou *longueirón* (‘persoa alta’), *hipopótamo*, *cachalote* ou *foca* (‘unha persoa gorda’), *hiena* (‘persoa moi mala’), *gato* (‘ladrón astuto’). Sen embargo non temos unha creación redundante como teñen en castelán *mojigato*, en catalán *gatamoixa*, en italiano *gatta mògia*, en francés *chattemite* e incluso en portugués, como topónimo, *Muxagata*, e outros de uso aínda máis común como *burro*, *porco*, *cabrón* ou *galiña*.

Obsérvanse tamén outros campos léxicos especialmente activos: da comida tomáronse *badulaque* (guiso de mala calidade), *panoli* (insulto valenciano para o que tomaba pan con aceite, *pa amb oli*, con analoxía de *finoli* para favorece-la chegada a insulto) ou *botelo* (in-

sulto valdeorrano); das vestimentas quedounos *tabasco* (prenda de pano toscano) ou *talabarte* (escudo que cobre o corpo); das construcións *pendello*, *trasto*, etc. E dentro dos campos léxicos existen aqueles que se manexan exclusivamente en gremios (*palletas* é un insulto que manexan entre si os gaiteiros para referirse a un que lle custa afinar; tamén o Padre Sarmiento recolle *aforragaitas*, que debía ter un uso parecido. *Sopragaitas*, en cambio, está exportado. No eido da igrexa, atopamos para o sancristán *rapavelas* e *bispiño*, os dous recollidos xa por Eladio Rodríguez; a forma tamén estendida *chupacirios* é castelá). De tódolos xeitos, estas amplitudes semánticas están apoiadas na sonoridade das palabras.

Ademais dos insultos procedentes destas formacións, hai outros moitos xerados pola propia lingua a través de evolucións semánticas (que aparecerán no glosario posterior coa indicación do seu proceso) e aqueloutros que nos foron chegando doutras linguas. Podemos facer un penteadado dalgunhas orixes para comproba-la riqueza que se manifesta neste aspecto tan peculiar da lingua: de procedencia prerromana temos *godallo* e *vellaco*; do latín atopamos *bruto* (que foi tamén cognome), *parvo* (que orixinariamente era ‘pequeno’), *idiota* (nun principio ‘particular, reservado’, xa procedía do grego co mesmo significado), *imbécil* (que era ‘débil’), *tonto* (‘atónito’), *pánfilo* (tamén do grego, ‘home de ben’), *fato*, *crápula*, *estúpido* ou *miserable*; do francés chegounos *truán* (que á súa vez proviña do céltico), *moinante* (de moina ‘esmola’), *chapuiceiro*, *palurdo*, *baldreu*, *pimpante* ou *galopín*; do italiano temos *canalla* (que tamén o hai no francés); do xermano quedounos *langrán* e *bastardo*; do árabe contamos con *cazorro*, *mesquiño*, *gandul* ou *zafío*; e do mozárabe temos *badulaque*; do catalán recollemos *badoco* ou *traste*; do castelán *zopenco* e *cateto* (que é unha voz andaluza); incluso dispoñemos de insultos que teñen procedencias máis curiosas, como *zulú* (un pobo africano), *zombi* (un deus do culto do vudú), *candongu* (de orixe africana), *baldragas* (de Bagdad), *mameluco* (que era un soldado escravo do antigo Exipto), *camándula* (de Camaldoli, unha vila toscana), ou algún que lles podemos escoitar ós indianos como *boludo* ou *atorrante*; e imos incluír aquí tamén aqueles que proceden dunha onomatopea, como poden ser *chafalleiro*, *lelo* ou *memo*, que van ser sempre comúns a varias linguas.

Como podemos observar, a internacionalidade dos insultos queda patente e comprobaremos que moitos deles son compartidos por varias linguas. Van ser poucos aqueles dos que poidamos dicir que son xenuínos de Galicia, aínda que serían tódolos compostos, outros que van perdendo uso (como *tabasco*) e os que quedan limitados xeograficamente: *fato* na zona nororiental de Lugo, *zolado* (‘desvergonzado’, ‘persoa que leva mala vida’; pode gardar relación co castelán *zolocho* ‘simple, pouco espabilado’) e *botelo* ‘comellón’ en Valdeorras, *sonzo* ‘atontado, bobo’ en Pontevedra, por exemplo. Sen embargo, a casuística da presenza de insultos en diferentes linguas amosa curiosidades como que en galego non dispoñemos dalgún existente no castelán e mais no portugués; é o caso de *ribaldo* (do fr. ant. *ribalt*, mod. *ribaud* ‘impúdico’; á súa vez do xermano *hriba* ‘prostituta’ ou *riber* ‘bribón’), que nas dúas linguas veciñas significa ‘rufián’ e mesmo o hai en catalán (*ribald*), en italiano (*ribaldo*) e no francés.

Dos seus significados, usos e contextos é pouco o que se pode concluir; no apartado dedicado á presenza na literatura comprobaremos que nin os escritores máis pulcros coa lingua chegan a facer un uso especializado do significado dos insultos; dispoñemos dun exemplo que nos acae perfectamente para o caso: *larafuzas* (que tamén ten as variantes *larafuceiro*, *larufas* e *larafouzas*) ten o significado de ‘sucio’ (procede do verbo *larafuzar*, de orixe incerta, que designa a acción de remexe-lo porco co fociño ou de emporca-la cara e as mans comendo), pero atopamos un uso del do escritor Carlos Casares, na súa colaboración de *La Voz de Galicia*, como sinónimo de ‘chulo’, mentres que tamén noutro xornal, *Faro de Vigo*, comprobámo-la súa utilización polo debuxante Quesada co sentido de ‘crido, iluso’. A tendencia é a facelos comúns e coincidentes, que, por outro lado, é o que explica boa parte das súas evolucións semánticas.

### PRESENCIA NA LITERATURA

A lingua literaria tamén foi bocapodre e manexou estes rexistros da lingua groseiros e insolentes que por tradición foron considerados vulgares e rústicos. O xenio literario na incorporación e tratamento dos insultos vai consistir na fidelidade que o autor garde á creación e uso reais; terá que ser unha utilización natural ó contexto (incluso esixida) e demostrará a mesma imaxinación e expresividade que lle son inherentes, sen facer abusos innecesarios nin deforma-lo auténtico sentido do insulto. Un exemplo dese xenio artístico podémo-lo ver no popular alcume *Fendetestas* do protagonista de *O bosque animado* de Wenceslao Fernández Flórez, que recrea a ferocidade lendaria daquel que se bota ó monte e serve, asemade, para caricaturizalo, a través da esaxeración, cando se coñece a humanidade do personaxe. Incluso a literatura pode remocicar ou dar nova vida literaria a palabras que estaban desprestixiadas, lembremos que Cervantes en *El Quijote* recollía algúns insultos arcaicos.

O antecedente máis sobranceiro debeu ser Marcial cos seus epigramas, pero ninguén pode tirar ningunha pedra, porque en tódalas literaturas houbo xéneros ou creacións populares que deron acubillo a estas palabras; recordemos, por exemplo, o *sirventés* provenzal ou o *strambotto* italiano (*estrabot* francés, *estribot* catalán).

De tódolos cultivadores destas artes, un destaca como continuador do bilbilitano pola maestría e o enxeño: Francisco de Quevedo Villegas. Introduce, coido que por vez primeira, os insultos nos sonetos, demostrando habilidade para a creación dalgúns (*calvatrueno* co sentido de ‘maleducado, aldeán’), variedade de sinónimos (para *prostituta* podemos atopar *perendeca*, *tusona*, *daifa*, *gomia* ou *tarasca*) e artificios literarios sobre algún (“mejor es, si se repara, / para ser gran caballero, / el ser *ladrón* de dinero / que ser *Ladrón* de Guevara”), ademais dun abundante aproveitamento dos sufixos, cos que consegue matices pexorativos: *mediquillo*, *maridillo*, *dominguillo* ‘moneco de farrapos contra o que turra o touro’, *Gongorilla* (“Yo te untaré mis obras con tocino, / porque no

me las muerdas, Gongorilla”), personaxe que, como é sabido, vai recibir moitos outros (“cíclope, antípoda faz, / eres poco verme e mucho pus”), ou *orejoncito* que dedica a outro dos seus personaxes preferidos, Juan de Alarcón, a quen chama “licenciado orejoncito”. Claro que pode resultar tan vexatorio e gravoso coma un insulto un simil dos que gasta Quevedo, tamén con este personaxe: “quien puede ser almorrana / de la peor rabadilla”.

Centrándonos na nosa literatura, témonos que remitir á Idade Media para retoma-las cantigas de escarnio, as de maldicir e tamén algunha tenzón. A pesar do seu ton indecente, non son moitos os insultos que aparecen; sen embargo repítense os tomados de nomes de animais (*camela*, *bodallo*, *cochón*, *sabuxo*) e algúns que quedaron en total desuso: *peón* ‘home de baixa estatura’, *mesela* ‘mesquiña’, *sandeu* e *sandía* ‘louco, sen xuízo’ (o Padre Sarmiento recolle a forma *sandío*, analóxica do feminino, hoxe desaparecida), *caçurro* ‘sucio’, *alaxán* ‘aldeán’, *braadador* ‘xogar berrador’ ou *gargantón*, eufemismo de ‘borracho’.

Máis actuais resúltannos as *Cien Voces Gallegas para ridiculizar a un patán* do Padre Sarmiento, que están recollidas nos seus *Escritos Filolóxicos*, completados con dez para as mulleres, ás que lles pon esta nota: “*No he puesto en la tabla más de las cien voces por ser el número redondo y 10 para ridiculizar a las mujeres. Vea aquí algún secuaz de Duarte Núñez y vean algunos castellanos cuánta es la abundancia de voces que tiene la lengua gallega para significar una misma cosa ridiculizada*”. Entre estes cen que recolle o Padre Sarmiento aparecen nomes de animais (*arroaz*, *animal*, *macaco*), incluso de vexetais (*laranxo*, *cirolas*, *cirolán*), tamén nomes que designan persoas que exercen un oficio (*cazoleyro*, *labrego*, *manteigeyro*, *porqueyro*), moitos compostos (*faramalleiro*, *mazabarrigas*, *rascamulas*, *tumbalobos*, *lapacaldos*), outros totalmente actuais e en uso (*baldragas*, *choqueiro*, *lampantín*, *laczán*, *palurdo*), algúns dos que non coñecíamo-lo uso como insulto (*felpudo*, *cañón*, *nubeiro*, *lareyro*) e outros dos que descoñecíamo-la súa forma (*codeo*, *canaves*, *escoler*, *estantiga*, *zancado*, *zorregapei*, *macanque*, *sangoal*).

Para comproba-la presenza dos insultos na literatura deste século escollín dous autores da Xeración Nós, Castelao e Otero Pedrayo, das súas obras *Os dous de sempre* e *O mesón dos ermos*; o libro *Contos da néboa* de Ánxel Fole; tres contemporáneos co único criterio de seren moi concienciados cos aspectos lingüísticos: Gonzalo Navaza, que se prodigou pouco en *Erros e Tánatos*, Darío Xohán Cabana, en *Fortunato de Trasmundi*, e Bieito Iglesias en *Miss Ourense*; e a novela *Land Rover*, do escritor Suso de Toro, pola proliferación de insultos que presenta e as calidades espontáneas da obra.

En *O mesón dos ermos* seguramente sexa onde Otero Pedrayo máis se desinhibe, chegando incluso a facer enumeracións de insultos. Atopamos nel *bruxa*, *demo*, *candonga*, *porca*, *brouxa* (tal vez relacionado con *brouca* ‘folgazanería’), *laczán*, *xurafaz* (‘o que xura moito’ e de aí ‘cruel, inhumano’), *desleigado*, *xudeu*. E logo atopamos un bo número de alcumes que lle están ben próximos ó insulto: *Bocareu*, *Teixugo*, *O Torto*



de Santa Comba, *O Lobicán*, *O Virulé*, *O Tumbalobos* (este último documentado polo padre Sarmiento como insulto).

En *Os dous de sempre*, Castelao tamén fai un bo despregue de insultos: *comellón*, *eivado*, *lambón*, *lacazán*, *condanada*, *lurco* ('devorador insaciable'), *larchán* (igual ca *lercho* 'lingoreteiro', 'lacazán'), *candongacha* ('prostituta enferma'), *rallante* (de *rallar* 'ser pesado'), *larpán* (coma *larpeiro*, pero, se cabe, máis contundente), *calamidá*. Percibimos unha preferencia polos insultos que fan referencia á boa alimentación: *larpán*, *lurco*, *lambón*, *comellón* (tamén hai un personaxe alcumado *Comellón de mazáns*), *galloufeiro* (de *gallofa* 'comida que se daba ós peregrinos'), *alarbio* ('home que come moito', 'home grande'). Fai enumeracións de insultos a maneira de admiracións: ¡*Lacazán!* ¡*Panarra!* ('home simple e parvo'), ¡*Cangrena!* ('roñoso, tacaño'), ¡*Sanguexuga!* ¡*Sarna!* ¡*Pensabas que non hai máis que facer fillos ou qué?* ¡*Alarbio!* ¡*Lurco!*, ¡*Co-barde!* ¡*Porco!* ¡*Así che saquen os ollos cun compás!*, ¡*Panarra!* ¡*Plepa!*, ¡*Babiona!* (derivación de *babio* 'bobo, necio') ¡*Toupeira!* Tamén os usa en castelán (no mercado castelán): *sinvergonza* (híbrido) e *guarra*; aparecen tamén en alcumes: *Comellón de mazáns*, *O Barrote*, *A Xarda*, *O Aspirina*; ou en símiles: "*cando Pedriño saíu do leito parecía un longueirón*"; e mesmo chama *milicos* ós militares argentinos cando está na Pampa.

Ánxel Fole en *Contos da néboa* utiliza insultos contundentes e de gran sonoridade: *golfante* (¿*E de que vos rides tanto, golfantes?*); *xudas* (*Cando hai trece homes, sempre hai un xudas*); *pasmón* (*Córrelle o seguro, pasmón*); *condenado* (*Velaí como corre o condenado*); *cabrito* (¡*Xa sei quen es ti, cabrito!*); *burra* (*Os parecéis en todo, principalmente en que sois dos burras*), enfatizado co cambio de xénero; *disgraciado* (¡*Para que vexas, disgraciado, que hai Dios*). Utiliza, tamén, algún sufixo pexorativo (*Agora imos contigo, xastrico*) e locucións (*O enterrador*, *Boca ladroa* ou *Ises crentes de comenencia fanlles crer ó outros que cren*). Ten ademais un bo número de alcumes que raian co insulto: *Andresiño O Cabezudo*, *Papaovos* (*chamábanlle así ... porque unha vez comera il soliño ... tres ducias de ovos cocidos*), *Parrula* (*A Parrula era unha rapaza pequenota ela e grossa, que petaba moito ó andar*), *Natillas*, *Chata*, *O Valente de Cospeito*, ... e outros, tamén nomes propios, buscados cun claro criterio de sonoridade e gracia: *Chilindrainas*, *Currecurre*, *Cacharulo*, *Pansofo* (*grosso e pequenote il, coma un porrón, dispensando*), *Fadrique*, *Pándigo*, *Don Ruberto Raposo*, *Don Xocas* (en ámbolos casos o tratamento de *don* é irónico), *Don Inda* (... *porque vostede ten o costume de decir "inda me enodia" por "que noxo"*), *Telesforo*, ou o nome de can *Ventoso* (*tiña un can de perdices que lle chamaban Ventoso. Todo o mundo cría que lle chamaban asina porque cheiraba coma as calazas ... Mais eu ben sabía que o seu dono lle puxera tal nome do mes "ventoso" do calendario da Revolución Francesa, por ser nado neste mes*).

En Gonzalo Navaza, na súa única obra narrativa de momento, *Erros e Tánatos*, atopamos pouca proliferación de insultos; no relato *O Home do Saco*, usa *sacaúntos* (*aparecíaseme a figura terrible daquel sacaúntos enxoiito falándome con voz de ogro de conto*)

e mangallón (*Amadeo da Groba, un mangallón que levantaba os sacos de mineral de tres en tres*). Dous, pero colocados, como se observa polo seu contexto, con tino.

Algún máis emprega Darío Xohán Cabana en *Fortunato de Trasmundi: mamalón* (así lles chama o capitán do equipo de Cuspedriños de Riba ós xogadores), que repetirá máis veces; *prosmeira* (*¡Mira quen foi falar! ¡A vella prosmeira!*), de *prosmeiar* ‘dicir parvadas’ ou ‘repetir cousas’, igual ca *prosmá* ‘persoa lenta’ e co mesmo significado de *paniogueiro*, que tamén aparece no texto (*paréceme que es aínda ben paniogueiro, pero dá gusto estar contigo*), tal vez relacionado con *panoio* ou *panoco*; tamén aparece *pedante* (*Mira que es ben pedante*); *parvo* (...*desque fixeches o parvo*); *loubán* (*¡Camada de loubáns!*), que procede de *louvar*, pero ten analoxía con outros insultos. Este escritor testemuña no seu exercicio literario a expresividade popular dos insultos e a gracia –común co seu mestre Cunqueiro– para a glosolalia; un exemplo é o adxectivo *putapénico*, que se ben non é insulto, leva parte dun.

Bieito Iglesias en *Miss Ourense* fai un despregue deles e ten o mérito de recoller (igual ca noutros campos léxicos) os que se usaban en Ourense nos anos sesenta, que era cando actuaba o inspector Gumersindo Nespereira. Atopamos: *parvo* (*¡Se non houbese parvos coma ti!*); *serranchín* (...*hai un detido de acó e un rabaño de serranchíns que lataron de Angola*); *mamado* (...*un loro que insultaba dende unha galería: ¡Mamado, mamado!*); *pailán* (*¡Déixame en paz, pailán!*); *candongá* (*Ela foi a que o encalatro. ¡Esa candonga!*), unha voz africana co sentido de ‘mal amañado’, ‘folgazán’; *malandro* (*¡Ti, malandro, pon as mans á vista!*), en relación co italiano *malandrino*; *galopin* (*É o que lle cómpre a estes galopíns, que lle dean polo pau*), un ‘rapaz sucio e mal vestido’, ‘desvergonzado’, do francés *galopin*, id; *rillote* (*os dous rillotes recibiron permiso para retirarse*), que ten o significado de ‘pillabán’ e procede de *rillar* (a evolución non está moi clara, pero podemos engadir que en portugués, tamén derivado de *rilhar*, hai *rilhoto* ‘excremento seco’, co que poderíamos estar ante un deses insultos tomados dunha palabra malsoante).

Por último, *Land Rover*, de Suso de Toro, amósanos un amplo repertorio con insultos de tódalas castes: *parvo* (en numerosas ocasións); *trapallas* (*trapallas, que es un trapallas*); *cabrón* (tamén moi recorrido); *cismón* (*Abelardo, ti sempre fuches un cismón*); *badulaque* (*¿Para que pensas que te teño, badulaque*); *condenado* (*Condenado, es igual a teu pai*); *pousón* (*Es pousón, coma teu pai*) ‘con ganas de pousar, de deixar de traballar’; *malpocado* (*Ese foi un malpocado*); *bruxa* (*foi esa bruxa*); *baboso* (*baboso, ti pagas por ir coa miña muller*). Utiliza moitos insultos de nomes de animais: *bicho* ou *becho* (varias veces); *raposo* (*¿Onde vas, raposo?*); *porco* (*Es un porco*); *burra* (*Muller, pedíraslle o café con leite, burra*). Hainos deses que se poden catalogar fortes: *puta do carallo* (*Putá do carallo, case me saca un ollo*); *merda* (*O merda aquel que non quería pagar*); *carallo bobo* (*Xa viñera outra vez antes, un carallo bobo*); *hostias* (*Don Antonio. Don Hostias*); *mala puta* (...*de aquí non marchades nin ti nin o rapaz, mala puta*) e *fillo de puta*; *carallento* (*O vello, ese carallento*); *maricón* (*O maricón do meu home*).

Aparecen tamén algúns de creación expresiva: *carallolavela* (*Oes ti, carallolavela, baboso, ti pagas por ir coa miña muller*); *antroido* (*Bastante desgracia tivo casar cun antroido así*); incluso un metonímico *bigotito* (*Dixenllo ao policía, o bigotito ese da comisaría*). Ademais neste libro aparecen dous alcumes con transparente contido despectivo: *Rata* e *Trampas*.

Pero tampouco vaiamos pensar que a presenza dos insultos é maior na literatura galega. Só para cotexar, comprobamos que tamén un escritor Nobel como Gabriel García Márquez dá boa conta deles en *Del amor y otros demonios: remiendavirgos, abortera, nigromante, deslenguado, Judas Iscariote, puta, engendro, gorrina, judío agazapado, cocotóloga insigne* (irónico), *bobaliconas, verdugo, tigra, bestia de los infiernos, bestia de Belzebú*, etc.

### ESTUDIO DALGÚNS INSULTOS

O Padre Sarmiento recollera *Cien voces gallegas para ridiculizar a un patán*, un número redondo que seguro non se correspondía coa proliferación real dos insultos no momento aquel. Eu neste apartado propúxenme escoller outros “cen”, que tampouco son os únicos, pero si os máis empregados ou aqueles que poden resultar máis curiosos ó interresado nestes recunchos expresivos da lingua. Para que poidan establecer un cotexo con aqueles do século XVIII, refiro antes os enumerados por frei Martiño: *almallo, arroaz, adraman, alarbe, aforra gaitas, animal, bausan, baldragas, baldrocas, boleyro, cirolas, cirolan, congorzo, cortezudo, codeo, cazoleyro, calazeyro, carrejón, cañón, canaves, centulo, choqueyro, castroeyro, calaneran, emprevellas, esculapeyro, escoler, estantiga, farouteyro, felpudo, farrulleyro, farfulleyro, faramalleyro, furta bestas, fura belos, gurumante, gorzon, galdrupeyro, galdrumeyro, godallo, lanudo, laparo, labrego, lapa caldos, lambon, lamboiras, lamboeyro, lambaz, lambuzas, lambuzeyro, lambisqueyro, lampantín, lanfón, larpón, larpeyro, larouzas, lara fouzas, lampreuro, loboeyro, lacoeyro, lacuzeyro, lacazan, labanco, laberco, laranxo, lareyro, larengo, longueyron, maloutan, matulas, mullidas, mazacote, mazabarrigas, manteigueyro, marrahum, macanque, macaco, nubeiro, ninguen, nugallan, palurdo, porqueyro, polaynudo, palanquin, rasca mulas, respalleyro, sangoal, sandio, toleyro, toleyron, talludo, tumba lobos, trancho, tallequeyro, vergante, xoubio, zancado, zimbon, zorrega pei e (101) mixizqueyro; para as mulleres unicamente tiña dez: *antaruja, bruja, bieyteira, paldrida, cagalloyra, meiga, pieyra, vellougueyra, mecineyra e zorregueyra*.*

**ATORRANTE.** É un insulto arxentino que non se usa en Galicia, pero que se lles pode oír a algúns indios que estiveron alá. Úsase co sentido de ‘vagabundo, folgazán’. Está tomado do verbo *torrar* ‘estar quieto, vivir sen traballar’ (de tostarse

por estar paralizado); de tódolos xeitos é unha derivación estraña por tratarse dun participio activo. Hai outra versión máis imaxinativa que circula por Buenos Aires, que remite a orixe a uns canos dos sumidoiros do río Paraná que estaban fabricados por *A. Tarrant* e ós que ían durmi-los vagabundos porteños.

**BADANAS.** ‘desaseado, desleixado’. A súa evolución haina que confrontar coa innumerable serie de insultos que xerou *pel* ou con *baldreu*, que tamén se aplica a unha persoa sucia aínda que o seu significado primixenio era ‘pel curtida’.

**BADOCO.** ‘rústico, non instruído’. Procede do catalán *badoc* ‘aberto’ (que se aplica ás froitas que se abren na planta antes de seren apañadas) e tamén ‘distráido’. Á súa vez está tomado do occitano *badaluc* ‘parvo’, derivado de *badar* ‘estar distráido’. En castelán tamén hai *badomía* ‘disparate, equivocación’. O éxito deste insulto garda relación con outros análogos do tipo *badulaque* ou *bodoque*.

**BADULAQUE.** ‘sen moito xuízo’, ‘pouco traballador, golfo, preguiceiro’, ‘que fala sen tino’. Ten orixe mozárabe. En Arxentina designa a un ‘home groseiro’. En galego só ten a acepción de insulto hoxe, pero noutrora foi un guiso feito con entrañas de porco (miga de pan, allo, pemento, ...) e en castelán tamén foi unha chanfaina de mala calidade ou un potingue para a cara. A acepción de insulto é debida, sen dúbida, a que tomaban aqueles *badulaques* as xentes que non tiñan outra cousa para comer, a xente plebea e rústica.

**BALDRAGAS.** ‘home de carácter feble, pusilánime’. Tomado de *baldraque* ‘cousa de pouco valor’, que á súa vez procede de *Baldrac*, da cidade de Bagdad, en Iraq, onde había un xogo semellante ás damas que era moi sinxelo de xogar e que lle deu o nome. Non ten nada que ver con *baldreu*, aínda que o parecido axudou ó seu asentamento como insulto. Ten a variante *baldrocas* (tanto esta variante como a entrada aparecen documentadas polo Padre Sarmiento).

**BALDREU.** ‘persoa sucia e mal amañada’, tamén pode ser ‘prostituta’. Está tomado do francés e o seu significado orixinal era ‘pel de ovella’ (Cfr. *badana* e derivados de *pel*).

**BANDALLO.** ‘persoa sucia, de mal aspecto’. Por debaixo desta acepción está a de ‘farrapo, trapo’, da que parten tantos insultos (*baldreu*, *badanas*, *pelele*, *pallaso*, *monigote*). É un derivado de *banda* ‘fita, faixa’. A evolución haina que entender coma estoutros insultos citados e a partir do trapo como algo que está sucio e é deformable, recordémo-lo modismo “poñer a un coma un trapo”.

**BASTARDO.** ‘fillo de muller solteira’. Varias teorías apuntan a un lugar que indicaría onde se concibiu ese fillo: *bankert*, alemán, ‘sobre un banco’; *hornungr*, escandinavo, ‘recuncho’; *sebenc*, occitano, ‘sebe, zarro’; *\*bansti*, xermano, ‘palleira, celeiro, sitio onde se garda o gran’. Esta última é a que goza de máis méri-

tos, reforzándose cos modismos “fillo de palleiro” e “can de palleiro”, con igual significado.

**BASTO.** ‘tosco, sen pulir, inculto’. Insulto de procedencia latina, tomado do verbo *bastar* no sentido de ‘abastecer’ e de aí ‘espeso, grosa’ e logo o actual significado. Aplicouse primeiro a cousas e logo a persoas.

**BOBO.** ‘de curto entendemento, moi simple’. está tomado do latín *balbur* (que foi cognome co sentido que temos nós o apelido *Tato*) ‘tato, tateo’. En portugués tamén teñen *bôbo*, aínda que se agardaría un ditongo *ou*, por eso se pensou nun posible castelanismo, pero inflúen as dúas bilabiais. A construción é similar a outras reiterativas do tipo *tonto* ou *memo*. Este insulto existe no catalán (*balb* ‘pasmado’), no francés (*baubi* ‘abraiado’), no occitano (*bobs* ‘necio’), no sardo... A *sopa boba* é a comida que se dá ós pobres nos conventos, unha sopa moi líquida; seguramente non teña nada que ver con este insulto, senón co italiano *bòbba* ‘sopa’, polo onomatopeico lingüeteo do que come a sopa. Si que puido influí-lo insulto para adxectiva-lo *paxaro bobo*, que sempre está moi teso, ou para a expresión *bobo de Coria* (como *bobo de Capirote*), personaxe proverbial, símbolo da tontería e a mentecatez.

**BODOQUE.** ‘persoa de poucos alcances’, ‘bébedo’. O bodoque é un nó do bordado (que se fai cun molde chamado bodoqueira) ou unha bola de barro que se lanzaba coa bésta. Sen dúbida, inflúe no seu paso a insulto a proximidade fónica con *badoco* ou mesmo a interferencia con *embodocarse* ‘poñerse bébedo’.

**BOTARATE.** ‘home de pouco xuízo’. Procede do cruce de *boto* ‘necio’ (tamén podía ser un coiro pequeno no que bota-lo viño, e xa estamos outra volta cos coiros e pelexos, tan prolíficos en insultos) con algún outro insulto analóxico do tipo *capirote*, *patarata*, *matalote*, *paparote*. É común ó galego, portugués e castelán; e tamén en Centroamérica co sentido de ‘persoa gastadora’, resultado da etimoloxía popular de *botar* ‘tira-lo diñeiro’.

**BRIBÓN.** ‘enganador’, ‘pedichón’, ‘vago’. Procede de *bribia* ‘arte de enganar’ ou ‘elocuencia para pedir inspirando mágoa’, e esta á súa vez de *blibia* (forma antiga con metátese de *biblia*, gr. ‘libro’). Os primeiros *bribóns* pedían inspirando dó, e para eso recorrían a citas ou oracións extraídas da biblia ou doutros textos sagrados. De igual contido semántico e evolución é *pordioso*, insulto transparente, obviamente castelán.

**BRUTO.** ‘rudo, irracional, sen cultivar’. Tomado do lat. *bruttu* ‘besta, animal irracional’. Foi cognome latino que incluso levou o primeiro cónsul de Roma Lucio Xunio Bruto. Ten a variante *brután*.

**CACHAMUÍÑAS.** ‘trangalleiro’, ‘que non para, que enreda’. Está relacionado co carácter do personaxe que lle dá nome, un militar ourensán, de Cachamuíña, que

xa se destacara pelexando contra os franceses nos Pirineos. Cando estes chegan a Galicia, encargan a González del Valle –que era o seu auténtico nome– que organice as guerrillas. Enfróntase cos franceses en San Clodio, en Arenteiro (O Carballiño), afástaos a Portugal por Tui. Chegou a pelexar nalgunha ocasión con balas no corpo e nunca aceptou as tentacións que lle fixeron os franceses de cambiar de bando; esto dá idea deste carácter decidido que o obrigaba a non parar.

Como este nome de guerrilleiro chega a popularizarse desta maneira, así tamén o poden facer outros nalgún momento (Maletas, Gafas, Foucellas, Curuxas) ou a propia denominación *maqui* (voz corsa que designa o lugar onde se agochaban guerrilleiros).

**CACHIRULO.** ‘de pouca estatura e complexión forte’, ‘espabilado’. Está tomado de *cacha* ‘as dúas pezas do mango da navalla’ e esta á súa vez de *capula* ‘empuñadura da espada’ de *capere* ‘coller’. Non teñen nada que ver con esta evolución *mangante* nin *mangallón* (Cfr.). Estas pezas do mango da navalla tamén se lles chama *cachas*, polo evidente parecido, e de aí podemos atopar algunhas acepcións que nos acerquen á evolución que leva ó insulto: *cachete* é un espesor da carne que se pode aplicar ás meixelas infladas (dunha persoa gorda), en portugués *cachaza* é o pescozo do porco (tamén gordo) e *cachola* unha cabeza desproporcionada ou que pensa pouco. Ten a variante *cacharulo* e a expresión *ó cacharulo* emprégase para designa-la forma en que as mulleres atan o pano á cabeza.

**CAGÁN.** ‘covarde, medoso’. Fai referencia á posibilidade de andar de ventre ante a presenza de algo que meta medo. Ten as variantes *cagainas* e *cagalla* e tamén propicia insultos compostos do tipo *caganabos*.

**CALAMIDADE.** ‘persoa que fai mal aquilo que lle mandan’. A súa orixe remítenos ó lat. *CALAMITATEM* ‘desgracia colectiva, infortunio, adversidade’. A evolución pasa por aplicarse ás persoas con sentido de ‘desgraciado por falta de saúde’ e de aí deriva a insulto.

**CAMÁNDULA.** ‘persoa preguiceira’, ‘hipócrita’. O nome está tomado dunha vila italiana da Toscana (Camaldoli), na que se fundou a orde monástica dos Camaldulenses, que seguía a regra de san Bieito pero en versión máis austera e eremita; sen embargo, foi unha palabra relacionada sempre coa hipocrisía, parece que hai o concepto popular da hipocrisía como característica inherente ós frades. *Camándula* tamén pode ser un rosario de un ou tres deces (polo menos serviu tamén para unha acepción positiva). Ten a variante *camanduleiro*.

**CANALLA.** ‘ruín’, ‘de conducta desprezable’. Tomado do italiano *canaglia*, que se forma sobre a base de *can*; o símil é evidente. En francés tamén teñen *canaille* prestado do italiano.

**CANDONGO.** ‘folgazán’, ‘persoa que anda en chismes’. Palabra de orixe africana, que ten a variante *candongueiro*. Eladio Rodríguez recolle no seu dicionario as dúas formas, pero unicamente en feminino.

**CATETO.** ‘palurdo, rústico’. É insulto castelán, dunha voz andaluza. Pode ser deformación de \**pateto*, derivado de *patán* e *patoso*; axuda a súa terminación semellante a *paleto*. En portugués teñen *pateta* ‘persoa necia, idiota’.

**CAZURRO.** ‘teimudo, insociable, reservado’, ‘malicioso’. Aplicase pexorativamente ós leoneses. Establecéronselle varias orixes, entre elas a de *can* ou o árabe *quadûr*, pero a máis acertada parece a do ár. *cadzur* ‘insociable’. Tivo distintos significados, na Idade Media era sinónimo de ‘groseiro’ (había *xograres cazurros*, mesmo ás veces enfrontados a outros xograres, que eran os que usaban maneiras desvergonzadas).

**CRÁPULA.** ‘vicioso’, ‘libertino’. Procede do latín CRAPULA ‘borracheira’ e este á súa vez do grego. A borracheira ampliouse a outros vicios ou entendeuse a embriaguez como principio xerador doutras perversidades.

**CHAFALLEIRO.** ‘o que non se esmera, o que non ten coidado no que fai’. É unha forma deverbativa sobre *chafullar* ‘facer algo sen xeito’, de orixe onomatopeica; o seu sentido orixinario era ‘esmagar, apisoar’, de aí a onomatopea (en fr. hai *s’esclaffer* ‘soltar unha gargallada de risa’, en cat. *esclafir*, id., en italiano *schiaffare* ‘dar unha labazada’). Así se entende a frase *estar chafado* ‘o que queda estragado por un golpe’.

**CHAMBÓN.** ‘pouco habilidoso’, ‘o que negocia con cousas vellas’. Pode ter a súa procedencia no verbo *cambiar* ou no port. ant. *chamba* ‘perna’ (Cfr. *patán*).

**CHAPUCEIRO.** ‘o que traballa sen coñecementos ou sen coidado’. Sen dúbida este insulto garda relación semántica cos dous anteriores, ademais de coincidir fonicamente, sen embargo os étimos coidamos que son distintos. Neste caso a orixe está en *chapuza* ‘traballo mal feito’, tomado do fr. *chapolis* ‘toco gordo de madeira que se emprega para traballar encima del’ (*chapolisier* é un carpinteiro bruto). Barallouse unha posible procedencia de *chapa*, pero resulta difícil.

**CHOQUEIRO.** ‘persoa farrapenta, mal amañada’, ‘falador, chismoso’, ‘persoa que toca as campás’, tamén designa unha máscara do Entroido ourensán que leva unhas chocas, de onde puido deriva-lo paso a insulto. Ten a variante *chocalleiro*. A orixe de *choca* está no lat. tardío CLOCCA ‘campá’, con posible antecedente onomatopeico do céltico. O modismo *andar tocando a choca* emprégase cando unha persoa fala indebidamente. Este insulto tamén o tiña rexistrado o Padre Sarmiento.

**CHULO.** ‘presumido, vaidoso’, ‘de comportamento desvergonzado’, ‘home que vive das mulleres que prostitúe’. En portugués tamén ten a dobre acepción de ‘groseiro, rústico’ e ‘proxeneta’. Procede do italiano *ciullo* ‘veno’ (hoxe en desuso), redución de *fanciullo*, íd., á súa vez diminutivo de *fante* (coma o noso *infante*). Para a explicación que xustifique a evolución semántica haise que remontar a cando as prostitutas tiñan un criado “novo” que era vítima dos maltratos dos rufiáns; logo, á forza de ser usado neses ambientes e irse popularizando, acabou por tomar matices desfavorables ata acabar por referir ó propio rufián. Ten a variante *chuleta*, que para nada hai que relacionar coa palabra homógrafa que designa a carne da costela (esta de orixe valenciana), se ben puido influír este parecido para a súa formación.

**ESTÚPIDO.** ‘torpe’, ‘groseiro, indolente, insensible’. Procede do latín *STUPIDUS* ‘estupefacto, atordado’. Trátase dun insulto recente, por eso se pensou que puidera ser un galicismo, pois en Francia ten máis historia. Para localizalo no seu significado cómpre relacionalo con outras palabras familiares: *estupefacto* ‘abraiado’ ou *estupor* ‘asombro, espasmo’, incluso ‘parálise’.

**FATO.** ‘falto de razón, ridículo, vaidoso’. É o mesmo ca *fatuo*, sen ben este non é tan popular. Procede do latín *FATUUS* ‘soso, insensato, extravagante’. Na Rioxa e en Asturias vulgarizouse en *fato*, por eso en Galicia só se rexistra na metade norte de Lugo. Non ten nada que ver co homógrafa *fato* ‘rabaño’.

**FERVELLASVERZAS.** ‘persoa que non para queda, bulebulé, fuxefuxe’. Non me vou parar nestes insultos compostos por seren de creación espontánea, simplemente remito a orixe deste concreto ó verbo *fervellar* ‘xoguetear, divertirse xogando’, ‘ferver lentamente’ e ó adxectivo *fervedo* ‘axitado, alporizado’. Sobre esta base rexístrase unha prolífica variedade: *fervellasfabas*, *fervello*, *fervellocaldo*, etc., todos con igual significado. Esta rica multiplicidade obsérvase noutras mostras de insultos compostos, como é o caso de *furafollas* ‘persoa atravesada, que non para queda’ (ten tanta actividade que ata fura as follas; tamén dá nome a un paxaro pequeno semellante ó carrizo), *furaolas* ‘persoa preguiceira’ (por non moverse ata se detén a facer algo tan inútil como é facer buratos ás olas).

**FURRICAS.** ‘medoso, covarde’, ‘amarrado’. Ten a variante *furricoso*. A súa procedencia está en *furrica* ‘cousa de pouca consistencia ou de mala calidade’, ‘feces brandas características da diarrea’; esta última estaría en relación coa evolución de *cagán* (polo movemento de ventre que pode provocar unha situación de medo) e mesmo se ten que ter en conta que se trata dunha palabra malsoante, boa fonte para moitos insultos.

**GALOPÍN.** ‘rapaz mal vestido e sucio’, ‘desvergonzado, pícaro’. Está tomado do francés *galopin*, íd. Haino que relacionar con *galopar* e *galope*, igualmente gali-



cismos, de onde se derivou o significado para o rapaz que facía recados e para eso tiña que andar correndo (galopando).

**GANDUL.** ‘vagabundo’, ‘preguiceiro’. Ten a variante *gandulo*, que pode mostrar acepcións cariñosas. Antigamente foi ‘mouro ou indio novo’. Procede do árabe *gandûr* ‘rapaz que agrada ás mulleres e que pode ser pendenciador’.

**GAÑÁN.** ‘mozo de labranza e servicios nunha casa de labranza’, ‘home tosco’. Pode te-la súa orixe no árabe *gannam* ‘pastor’ ou no francés *gaaignont* ‘labrego’. A forma portuguesa *ganhao* considérase castelanismo. De parecida evolución é *pastrán* ‘torpe’, ‘sucio’ do lat. PASTORE ‘pastor’.

**GODALLO.** ‘desordenado’, ‘sucio’. Tamén pode ser ‘cabra de máis de dous meses’ ou ‘cabra en época de celo’. Por un lado esta última acepción puidéranos remitir a insultos do tipo *cabrón*, por outro estaríamos ante un caso de analoxía fónica con *bodallo* ‘porco’ (forma medieval) ou con *espantallo*, *pingallo*, *trapallo*, *carallo*, etc., sen xustificación semántica. Aparece referido nos insultos recollidos polo Padre Sarmiento.

**GOLDRACHA.** ‘persoa sucia’. Derivado de *goldra* ‘lama branda’, ‘aporcallado’. Ten a variante *goldrallo* con terminación despectiva que podemos poñer en relación coas citadas para a palabra anterior (vid. *godallo*).

**IDIOTA.** ‘ignorante’. Está tomado do latín *idiota* ‘ignorante’, ‘groseiro’ e á súa vez do grego, onde tiña o significado de ‘particular, reservado’. Conservouse sempre como insulto, aínda que houbo momentos en que tamén tiña a acepción de ‘profano’, ‘que non é técnico nunha profesión’.

**IMBÉCIL.** ‘pouco intelixente’. Procede do latín IMBECILLIS ‘débil, fraco, enfermo’, ‘feble de espírito’. Estamos perante un caso de metatonía, pois esperaríase acentuación aguda, sen que eso signifique que sexa galicismo (aínda que en francés tamén existe este insulto; tamén en italiano co acento etimolóxico); quizais puido influír outra forma latina, IMBELLIS, basicamente co mesmo significado.

**LACAZÁN.** ‘preguiceiro’, ‘que non quere traballar’. Derivación de *lacón* ‘pata dianteira do porco’, ‘a súa carne curada’, de andar cos “lacóns” ó aire por non parar a cose-los pantalóns. Para chegar a esta forma hai que contempla-la influencia analóxica de *folgazán* sobre *folgar*, na súa acepción de ‘tomar alento’ (recordemos que o étimo é FOLLIS ‘fol’) e logo de ‘descansar’. Ten a variante *laoeiro*, id., que recolle tamén o Padre Sarmiento.

**LAMPANTÍN.** ‘lambón’, ‘folgazán’. De *lapar* ‘tragar con voracidade’, ‘apoderarse do que non é dun’. Ten a variante *lapantín*, que sería a esperada, xa que a outra toma o *m* por contaxio de trabazón de nasal. O Padre Sarmiento recolle a forma que figura como entrada.

**LANGRÁN.** ‘vago, folgazán’, ‘persoa alta e desproporcionada’. Pódense barallar dous antecedentes ou incluso un cruce dos dous; por un lado o xermano *landern* ‘vaguar’, e por outro unha evolución sobre *largo* ou *longo*, tendo en conta a interferencia histórica destes dous adxectivos. Cómpre lembra-la presenza de dúas acepcións de *largo* en castelán: ‘liberal, dadivoso’ e ‘astuto, listo’, co que se pode xustificar unha hipotética evolución a insulto do adxectivo. Son sinónimos deste insulto: *mangallón*, *talandrán* e *talirán*.

**LARAFUZAS.** ‘sucio’. Ten as variantes *larafuceiro* e *larufas*, e incluso *larafouzas* rexistrada xa polo Padre Sarmiento. A primeira parte deste composto tennos que levar a unha forma que nos recorde o porco (o *Diccionario Xerais da Lingua* indica unha forma, mal transcrita, *lareirón* ‘porco doméstico’, indocumentada, aínda que con posibilidades de cruce con *larada*; si, en cambio, existe *lareirón* ‘ignorante’) e a segunda a *fociño* ou *fozar* ‘move-la terra’, que nos explican os significados do verbo *larafuzar* ‘remexe-los porcos co seu fociño na comida’ e de aí ‘emporca-la cara e as mans ó comer’, de onde facilmente se extrae o insulto.

**LELO.** ‘aparvado, abraiado, pasmado’. É unha palabra onomatopeica, de creación expresiva.

**LERCHO.** ‘persoa que fala máis do que debe’, ‘lacazán’, ‘o que come e bebe en exceso’. Ten as variantes *lerchán* e *larchán*. Pode ter unha orixe prerromana e está relacionado con *lercha* ‘cosa pequena, ruín’, ‘persoa sucia’, evolución de *lisca* (do celta \**vlisca* ‘vara’). Non se albiscan asideiros semánticos partindo desta *lisca*, a non ser unha imaxinativa creación a partir do hipotético *vlisca* semellante a exemplos do tipo *pendón*, *langrán* ou *lareiro*.

**LORO.** ‘persoa que fala moito’. O insulto patrimonial galego con este significado sería *bardallas* (‘o que fala por falar’, onomatopeico), sen embargo incluímos este no glosario porque é moi actual, aínda que dubidosamente galego, e para incorporar un curioso antecedente: O francés antigo *perruquet* ‘loro’ (mod. *perroquet*), con orixe probable no cast. *perico*, propiciou que esta palabra servise para insultar ós membros da Administración de Xustiza que colocaban na cabeza unha “perruca” que recordaba, coas doses oportunas de ironía e imaxinación popular, o aspecto do paxaro.

**MAMELUCO.** ‘torpe’, ‘necio’. Ten a súa orixe no árabe, onde designaba a un membro da milicia composta por escravos no antigo Exipto.

**MANGANTE.** ‘folgazán’. Ten a variante *mangallón*, aínda que este tamén pode ser ‘persoa alta’ (Vid. *langrán*). Trátase dunha evolución do verbo tomado da xerga xitana *mangar* ‘pedir, mendigar’, de onde tamén *mangante* ‘mendigo’. Puidérase establecer unha relación con *mandanga* ‘tranquilidade, pachorra’.

**MARULO.** ‘testán’, ‘parvo’, ‘persoa robusta’. Ten a variante *marulán*. Pódense barallar dúas hipóteses etimolóxicas: 1. Do lat. MARE ‘macho’, que explica a última acepción. 2. do lat. MAURU ‘mouro’, que ó longo da historia tamén tivo a acepción de ‘pagán, non bautizado’, da que facilmente se puido tira-lo insulto. Derivado deste étimo hai en castelán *morocho* ‘persoa robusta, ben conservada’, en clara relación semántica coa nosa palabra. Puidérase pensar nalgunha dificultade fonética que explicase a evolución, sen embargo atopamos no asturiano, tamén derivado de MAURU, *maruxo* (‘mozo que leva a egua ó cabalo’, faena que se encargaba a un gallegu) unha posible axuda, que ademais nos proporciona o significado negativo que hoxe ten *marulo*.

**MECO.** ‘que non ve, cego’; pode confundirse con *memo* por proximidade acústica. Tomado do latín MOECHU ‘fornicador’, ‘adúltero’. O *Meco* en Galicia é un personaxe lendario ó que se lle achacan as culpas de tódolos males, por eso é castigado colgándoo dunha figueira. En moitos sitios invócase ó *Meco* para que os nenos se porten ben. No Grove fálase dun *Meco*, seminarista, que na segunda metade do séc. XVII burlaba as mulleres ata que o fixeron colgar dunha figueira en castigo dos seus abusos. Nalgures o *Meco* é unha máscara que porta unha vasoira na man, coa que restrega a xente para sacarlle os meigallos. Noutras culturas tamén se comprobaban evolucións parecidas, como o castelán *mojiganza* ‘personaxe que se colgaba dun pao en festas públicas’, que derivou *bojiguero* ‘farsante’ e pasou ó catalán *moixiganga* e ó portugués *bugiganga*.

**MEMO.** ‘tonto, simple’. Insulto castelán, aínda que introducido no galego, onde é adxectivo co significado de ‘brando’ e substantivo co de ‘cartilaxe’. En castelán é onomatopeico do tateo e está tomado da expresión *hacerse memo* ‘facerse o parvo’ antes de adquirir autonomía.

**MENTECATO.** ‘necio’, ‘simple’. Ven do latín MENTE CAPTUS ‘collido da mente’, que non ten toda a razón.

**MESQUIÑO.** ‘pobre, mísero’, ‘avaro’, ‘desventurado, desgraciado’. Está tomado do árabe *miskín* ‘carente de bens, pobre’. É un arabismo presente en tódolos romances occidentais.

**MEXERICO.** ‘amaneirado, de formas mecosas’, ‘o que anda en chismes’. Ten a variante *mexeriqueiro* ou as formas con harmonización vocálica en *i*; o Padre Sarmiento recolle a forma *mixizqueyro*, de curiosa transcripción. Detrás destas formas está o verbo *mexericar*, *íd.*, probablemente relacionado con *mexer* e *remexer* ‘revolver, sacudir’, ‘calumniar’. En castelán estaría relacionado con *mecer*, de onde se puido deriva-la acepción de ‘mecoso’.

**MIMARRALLEIRO.** ‘o que recibe neitegadas en exceso’. Ten a variante *mimarracheiro* e en portugués hai as formas *mimalheiro* e *mimalho*. Están creados so-

bre *mimo*, de creación expresiva, onomatopeica das voces da nai ó neno ou dos amantes. Outro insulto sinónimo deste é *caramelán*.

**MISERABLE.** ‘desgraciado, digno de compaixón’, ‘desprezable polo seu pouco valor’, ‘tacaño, avaro’, ‘ruín, mesquiño’. Procede do latín MISER ‘infortunado, desgraciado’, do que tamén hai o adxectivo *mísero*. Victor Hugo chama *miserables* na súa obra homónima ás vítimas dunha orde social inxusta.

**MOINANTE.** ‘persoa que anda a vender polas feiras, ás veces enganando’, ‘o que simula pobreza para obter beneficios ou aplica métodos cariñosos para conseguir algo’. Está construído sobre *moina* ‘hipócrita, astuto, falso’, un préstamo francés de orixe grega, onde tiña o significado de ‘esmola’. A forma castelá *mohino* ‘amulado, de mal humor’ non ten nada que ver con esta palabra. Confróntese con *tu-nante*.

**MONIGOTE.** ‘ignorante’. Pode tratarse dunha forma despectiva de *monago* ‘o que axuda á misa’ ou dunha creación sobre *moneco*, ó igual ca *monifate* ‘moneco ou figura ridícula’ (de MANU FACTI ‘feito á man’) e *monicreque* ‘títere’, ‘persoa fachendosa’ (de *moneco* mailo lat. CROCU ‘escena teatral’). Non se pode descartar unha interferencia das dúas teorías.

**NUGALLÁN.** ‘folgazán, preguiceiro’. Ten as variantes *nugalleiro* e *nugallas*. Están creados sobre *nugalla* ‘preguiza, galbana’, do lat. NUGALIA ‘frivolidade, maldade’. En portugués non o hai, si en castelán a forma *nugalis* coa acepción etimolóxica de ‘frívolo’. A terminación de *nugallán* é analóxica de *folgazán*, íd. Aparece rexistrado polo Padre Sarmiento.

**PAILÁN.** ‘rústico’. Son da familia *pailaroco*, *paifoco* e *paiolo*. Podemos barallar tres teorías para explica-la orixe destes insultos: 1. De PAILA ‘vasilla, prato ou fonte grande e pouco fonda’. Puido xurdir por insultar ó que fregaba as pailas ou por identificación de leva-la paila (=patela) na cabeza recordando o sombreiro ancho que ten caracterizado a unha persoa rústica (Cfr. *paletto*). 2. Do nome propio *Paio*, moi común nalgún tempo, pola tendencia social a xogar con variantes dos nomes, con fin cariñoso ou despectivo (*Poñerse coma un Pepe*). 3. De PAGUS ‘pago, aldea, comarca’; semanticamente explicable do mesmo xeito ca *aldeán*.

**PALETO.** ‘rústico’. Creado sobre a forma *pa* ‘apeiro’. En castelán *paletto* era un gamo ou un cérvido calquera coa cornamenta aberta (polos cornos anchos que recordaban a forma dunha pa). De aí derivouse a insulto por facer unha comparación dos cornos co sombreiro ancho que identificou tantas veces á persoa rústica (Cfr. *pailán*).

**PALURDO.** ‘rústico’. Está construído sobre a forma francesa *balourd* ‘torpe, lento, atontado’, con alteración de oclusivas bilabiais por influencia analóxica de insulto

tos do tipo *paleto* ou *patán*. En portugués teñen *palúrdio*, tamén por alteración dalgúns insultos con esta terminación. Este é outra voz das documentadas polo Padre Sarmiento.

**PÁMPANO.** ‘aparvado’. Ademais da acepción de insulto, presenta outras moi heteroxéneas: ‘terrón moi grande’, ‘bacelo tenro da videira’, ‘folla da vide’, un peixe (*peixe pampo*) ou unha variante de *pálpebra*. Esta última vai se-la única que pode posibilita-la súa acuñación como insulto, xa que nalgúns sitios da provincia de Ourense *pámpano* pode designa-la persoa que ten as pálpebras caídas. De tódolos xeitos non explica con convicción a evolución, e quizais teñamos que apuntar a outro proceso de palabra, non moi usada, que se adapta como insulto por proximidade fónica con insultos do tipo *papón*, *panoio*, etc.; teoría que se reforza con *pampo*, variante deste.

**PANCHO.** ‘gordo’, ‘orgullosa’. Ven do lat. PANTEX ‘barriga’. Hai un peixe que leva ese nome (semellante ó ollomol) por te-la barriga ancha. Tamén é un dos moitos hipocóricos do nome propio Francisco.

**PANDOTE.** ‘persoa á que se lle atribúe a culpa de todo’, ‘o que soporta burlas e bromas’. Procede do verbo *pandar*, aplicado ós xogos (así *pandote* tamén é o que “panda” no xogo da panda ou o peón que recibe os golpes de tódalas buxainas), tomado do lat. PANDUS ‘arqueado, curvado’. Hai unha expresión castelá que pode explica-lo paso a insulto, *estar pando*, que se utiliza para referirse á barriga inchada, e de aí a levanta-la cabeza e bota-lo corpo para adiante, co que adquire a acepción de ‘vaidoso’. Como a curvatura pode ser convexa ou cóncava, tamén a actitude de humillación se consegue coa curvatura de cabeza baixa e corpo debruzado, que pode orixina-los significados arriba indicados.

**PÁNFILO.** ‘tranquilo’, ‘bondadoso’, ‘aparvado’. Do lat. PAMPHILU e á súa vez do grego co significado de ‘bondadoso’; aínda que tamén era nome de persoa ‘o que todo é amor’, composto de PAN ‘todo’ e FILO ‘amor’. Hai un xogo denominado *pánfilo* no que se pasa un misto de man en man; antes de que a chame queime a un dos participantes débese berrar “pánfilo”. Este xogo estableceríanos unha similitude con outro insulto, *zascandil*, que tamén corresponde ó berro proferido cando a luz se apaga porque o candil caeu ó chan.

**PAPÓN.** ‘atontado, aparvado’. Ten as variantes *papán*, *paparote*, *páparo*, *papamoscas*, *papanatas*, etc. Baixo esta extensa familia está *papa* ‘comida en xeral’, empregada como voz infantil, de verbal de *papar* ‘comer con voracidade’. Xa nos referimos anteriormente á boa fonte que supuña para os insultos as palabras relacionadas coas comidas, de tódolos xeitos para explicar esta serie creada sobre *papa* cómpre ter en conta a inducción por proximidade de insultos derivados de *pasmar* e, incluso, podemos contempla-la acepción figurada de *papar* como ‘aspi-

rar aire’, de onde non resultaría difícil deriva-los insultos (pensemos nalgunhas frases xeradas por este verbo do tipo *papar frío* ou *papar medo*).

**PARVO.** ‘curto de intelixencia, ignorante’, ‘pasmado, atontado’. É un dos insultos que teñen o seu significado desnaturalizado, pois na orixe del está o lat. *PARVU* ‘pequeno’, do que tamén temos *párvulo*, que conserva o sentido etimolóxico. A explicación que permite o seu paso a insulto está no símil que se establece entre un neno e a súa normal ignorancia. En galego hai o derivado *parvada* e tamén *parva* para unha comida pequena (abreviación do lat. *REFECTIO PARVA*).

**PASMÓN.** ‘asombrado’, ‘con cara de continuo abraio’. Ven de *pasmar*, á súa vez de *pasmo* ‘parálise pasaxeira causada por enfriamento’. A variante *paspán* é un híbrido deste insulto e de *papán*.

**PATÁN.** ‘persoa rústica e ignorante’. Está creado sobre *pata*, pola identificación da persoa rústica cos seus pes grandes, que semellan maiores polo seu calzado tosco. Outras variantes son *patoso*, *patoeiro*, *patorriño* (con posible sentido cariñoso) ou *patulea* ‘xente ruidosa’.

**PATRAÑEIRO.** ‘mentireiro’. Ten a variante *patrañas*. A *patraña* (ou *pastraña*) era un conto ou fábula de pastores (o étimo é *pastor*, id.), de onde resulta doado establece-la evolución (Cfr. *gañán*).

**PELELE.** ‘persoa simple ou inútil’. É unha palabra de orixe incerta que daba nome a unha figura humana feita de palla e trapos que servía de diversión pública (Cfr. *meco*).

**PELGACHO.** ‘persoa descoidada ou desmellorada’, por ampliación de ‘pel enrugada’ (tamén pode usarse para o ubre seco). Vimos anteriormente que palabras relacionadas coa pel xeraban moitos insultos (*badanas* ou *baldreu*), por tanto imos atopar tamén moitos insultos derivados desta voz: *perilleira* ou *pelelleira* ‘moza guapa, ironicamente’; *pelendre* ‘pobre, farrapento’; *pelensín* ‘o que frecuenta a taberna’ (pode facer referencia á pel do odre que garda o viño); *pelercho* ‘persoa anciá e consumida’ (ten moita pel); *pelexa* ‘prostituta’ (por alusión ó que vende; en castelán tamén hai *pelagra*); *pelexo* ‘persoa ebria’, ‘prostituta’; ou a máis popular *pelandusca*. En castelán teñen *perigallo* que, ademais de ‘pelexo da gorxa’, pode ser ‘persoa alta e delgada’ e parece proceder do portugués *perigalho* ou *pelegalho* ‘pel do pescozo’. A forma *piltrafa* (‘pel frouxa’) tamén é castelá.

No mesmo campo semántico, *pelar* xerou *pelagatos* ‘home desprezable e pobre’ e en castelán *pelagallos*, que, curiosamente, se aplica a unha persoa baixa que non ten oficio nin ocupación honesta (*perigallo* era alto e delgado).

**PELOURO.** ‘ruín’, ‘ebrio’. O *pelouro*, ademais de ser un ‘canto pequeno do río’ ou o xogo que se fai con el, pode significar unha ‘borracheira de augardente’, en rela-

ción con *peloura* ‘augardente de caña que toman os mariñeiros ó chegaren do mar’. Cabe, de todas formas, a influencia fónica da variedade de insultos xerada sobre a base de *pel*.

**PENDELLO.** ‘persoa inútil’, ‘persoa que estorba’. É posible que veña de *prender*, que se podería explicar pola acepción que ten *pendello* de ‘construcción anexa á casa para gardar apeiros’, no sentido de estar prendido á casa. Esta mesma acepción que nos remite á arquitectura é a mesma que xera ‘construcción de mala calidade’ e de aí chega a insulto. O castelán *pendejo*, insulto frecuente en México, nada ten que ver con este, senón coa acepción de ‘pelo do pube’ (de *penite*), que por ser palabra tabú, mal soante, ten camiño aberto para chegar a insulto, como temos observado. En portugués teñen tamén como insulto *pentelho* ‘mal individuo’, relacionado co anterior.

**PENDÓN.** ‘persoa alta’, ‘muller de mala vida’, ‘persoa de vida desordenada’. Tomado do lat. PINNA ‘amea’, ‘pluma, crista ou *penacho* das aves’; a derivación a *pena* ‘rocha’ establécese ó recordar un penedío as ameas dunha muralla. O *pendón* é o pao dunha bandeira ou insignia militar (tamén pode se-lo tronco principal dunha árbore) ou por metonimia a bandeira mesma. Para a primeira acepción de ‘persoa alta’ hai unha clara comparación, para a de ‘desordenado’ hai unha explicación imaxinativa que fala dos arrestados nun campamento que eran castigados onda un pendón; a acepción de ‘prostituta’ haina que entender como derivación desta última, salvo que tamén a imaxinación a relacionase coas plumas que puideran levar. En galego temos un insulto de evolución similar a este na súa primeira acepción, *lareiro* ‘pao longo do que se colgan os chourizos’, que deriva o significado a ‘persoa alta’, aínda que tamén se aplica á persoa que non sae da casa ou, por extensión, a un individuo efeminado.

**PÍCARO.** ‘ruín, malicioso’, ademais de ‘veno, cativo’. Posiblemente estea formado sobre *picar*, a través de ocupacións que desenvolveron os pícaros clásicos relacionadas con este verbo (*picador de touros*, por exemplo), e influenciado polo francés *picard* (que nos daría *picardía*), por alusión a unha provincia gala de onde se toma o nome.

**PILLO.** ‘astuto, espabilado’. Ten a variante *pillabán* (en castelán tamén *pillastre*, *pilluelo*, *pillín* e *pillastrón*). Hai dúas teorías, unha remitenos ó verbo *pillar* no sentido de ‘roubar, saquear’ ou ‘sorprender a alguén desprevido’, outra lévanos ó latín PILEUS ‘sombreiro’ e tamén ‘trapo’, da cal se podía pasar a insulto como sucede en *bandallo*, *meco* ou *pelele*, e incluso se pode producir un símil igual ó que observamos en *pailán* ou *paleta*.

**PIMPANTE.** ‘fachendoso’. Está tomado do francés *pimpant* ‘ufano, presumido’, relacionado co inglés *pimp* ‘alcaíote’, e haino en portugués (neste idioma presenta

tamén a derivación *pimpao* ‘atrevido, valente’) e en castelán, con igual significado. No seu asentamento puido influí-lo parecido fónico co nome de paxaro e tamén insulto *pimpín* (onomatopeico do seu rechouchío, aínda que recibe unha ducia de nomes máis tamén inspirados no seu trino).

**PINGALLO.** ‘persoa mal vestida, farrapento’. Está construído sobre o verbo *pingar* na acepción de ‘untar’ (no castelán *pringar*, que tamén terá os insultos *pingajo* e *pinganillo*), por estar untado, con roña e cotra que se pega á roupa e ó corpo. Similar a este sería o composto *sacarroña*, aínda que se usa co sentido de ‘refungón’. A terminación segue o modelo de *godallo*.

**REFUNGÓN.** ‘rosmón, protestón’. Tomado de *refungar*, *íd.*, forma con base en *fungar*, onomatopeica da respiración nasal con ruído, o que se emite cando un está enfadado.

**REMOSQUEDO.** ‘o que non para quieto’. Do verbo *remoscar*, *remosquear* ou *remosquexar* ‘andar de un lado para outro’, con base en *mosca*. Haino que pór en relación con *moscar* ‘bota-las vacas a correr cando as pica unha mosca’. En castelán *mosqueado* úsase para referirse a algo que ten pintas, como se tivese moscas; a acepción de estar resentido por crer que lle toman o pelo é figurada.

**TABASCO.** ‘tosco, groseiro’, ‘aloucado’. É un insulto exclusivo do galego, con orixe en *tabardo* ‘prenda de vestir longa confeccionada en pano tosco’ (de orixe francesa). En castelán hai *tabardillo* para aplicar a unha persoa aloucada, aínda que tamén pode ser sinónimo de *tifo* porque se manifestaba con manchas que cubrían o corpo enteiro, o mesmo có tabardo. Existen máis insultos relacionados coa confección: *talabarte* (tamén de orixe francesa, *cfr.*), *bodoque*, *bandallo*, ou incluso un curioso *balandrán* ‘vestido eclesiástico’ (tamén pode ser unha especie de camisión, segundo nolo describe García Márquez en *Del amor y otros demonios*: “Apenas si salía de la alcoba, y aun entonces andaba a la cordobana, o con un *balandrán* de sarga sin nada debajo que la hacía parecer más desnuda que sin nada encima”) que, se ben non é insulto, propiciou o título, revelador do carácter satírico do libreto, para un periódico de circunstancias que sacaron os republicanos pontevedreses para meterse coas misións da Compañía de Xesús.

**TAINANIÑA.** ‘persoa apoucada, pusilánime’. Ten a variante *taineiro*. Do substantivo *taina* ‘preguiza’, supostamente evolución do lat. *THEMA* (que presenta unha curiosa acepción de ‘primitivo, simple’). Dise en galego a frase *face-la taina* no sentido de ‘estar a folgar’.

**TALABARTE.** ‘lacazán’, aínda que Eladio Rodríguez recolle no seu dicionario a acepción ‘persoa que gasta moito’. O *talabarte* era orixinariamente un cinto de coiro do que colga a espada ou un escudo que cobre o corpo, tomado do francés



*talevart* ‘escudo grande’. Este insulto está en relación con outros xerados polo léxico da confección: *bandallo*, *bodoque* ou *tabasco*.

**TONTO.** ‘necio, inxenuo’. Ten tres posibilidades de formación que facilmente poden presentar interferencias: 1. Do lat. *ATTONITO* ‘estupefacto’, con evolución semántica clara, pero fonética difícil. 2. Do lat. *TONDERE* ‘rapar’. 3. De creación expresiva apoiada na redundancia de consoantes e na analoxía con *bobo*, *memo*, *chocho*, *lelo*, etc.

**TRAPALLEIRO.** ‘mentireiro, enganador’, ‘desordenado’, ‘chapuceiro’. Ten as variantes *trapallas*, *trapazas*, *trampón*, *trampullón*, *tramposo*, *trampuzas*, *trampeiro* (distinto de *trapeiro*), *trafulleiro* e *trapaceiro*. En proximidade semántica está *sacatruceiro*, de *sacatruza* ‘trampa, mentira’. Están construídos sobre a base *trampa* ou *trapa*, común a moitos romances, relacionado orixinariamente con ‘pisar’, por onomatopea do ruído que se fai ó dar pasos (*\*tramp*); logo foi o engano que se facía no chan para que o “pisasen” os animais e quedasen atrapados, de onde se derivarían facilmente as acepcións que nos ocupan.

É curiosa a coincidencia contradictoria que se establece entre esta palabra *trampa* ou *trapa*, relacionada con concepto de ruído, e a orde da *Trapa* (do cister, fundada en Trappe, Francia), que se define precisamente pola contemplación en silencio.

**TRASTE.** ‘persoa inútil’. Ten a variante *trasto*. Trátase dunha derivación de ‘moble ou utensilio inútil’ con orixe no lat. *TRANSTRUM* ‘banco de remeiro’ (de onde tamén se tomou *traste* para indica-las separacións de medio ton no mastro da guitarra, por comparación cos bancos dun barco de remos). Considérase un catalanismo, de *trast*.

**TRUÁN.** ‘desvergonzado, mentireiro’, ‘moinante, que vive de enganar’. Está tomado do francés e este do céltico *trog* ‘desgraciado’.

**TUNANTE.** ‘festeiro’, ‘vagabundo, moinante’. De *tuno* ‘desvergonzado’ (de onde tamén chega a denomina-lo membro dun grupo musical universitario), con orixe no francés *tune* ‘hospicio de mendigos’, ‘esmola’. Detrás desta forma francesa está o título *Roi de Thunes*, o xefe dos vagabundos franceses, a quen se lle deu este nome en resposta ó Duque do Baixo Exipto, que era o xefe dos xitanos no París do século XV. Non sabemos se había abundancia de tunecinos entre os mendigos da cidade que xustificase tal denominación. A forma *tunante* explícase por analoxía con *moinante*, co que pode ser perfectamente permutable.

**VELLACO.** ‘enganador’, ‘malvado’, ‘pícaro’. A súa procedencia é opaca, quizais celta, sen embargo está presente no portugués (considerado castelanismo), no castelán e tamén no italiano.

**ZAFIO.** ‘tosco, groseiro’. É de orixe árabe, se ben non hai acordo para establece-lo étimo e Coromines acaba remitíndoo a un cruce de palabras árabes. Haino tamén

en castelán e en portugués (*sáfio*). Tamén de orixe árabe e con parecido fónico e semántico é *zaino*, que ademais de ser ‘cabalo de cor castaña’ tamén é insulto en castelán (‘traidor, falso’) e en portugués (‘vellaco, libertino’).

**ZARAPALLEIRO.** ‘trapalleiro, chapuceiro’, ‘farrapento’, ‘estrafalario’. Ten a variante *zarapallón* e está relacionado con *zarapallada* ‘lío, argallada’ (tamén pode ser ‘batuxada’ ou ‘chuvia miúda’). Pode ter unha procedencia onomatopeica ou estar relacionado co éuskaro *zarria* ‘farrapo’ (en bable hai *zarapayo*, íd.) ou co castelán *zarapatel* ‘guiso de tomate, cabaza e pemento’ (considerado lusismo). Tanto a familia do trapos como a dos alimentos pobres comprobamos que xeraron un bo número de insultos.

**ZASCANDIL.** ‘home atordado, sen personalidade, introvertido’, ‘argalleiro, enganador’. Estes significados tan opostos créanse a partir da expresión *zas candil* que se dicía cando caía ou se tiraba un candil para que a luz se apagase, en caso de bronca. *Zas* é onomatopeico do golpe que o candil producía. Confróntese con *pán-filo*.

**ZOMBI.** ‘introvertido’, ‘ido’. É unha voz africana que no culto vudú designa a un deus-serpe a quen se lle atribúen poderes sobrenaturais para poder devolve-la vida a un cadáver. O suxeito, o corpo sen vida, é o que se toma como base para o insulto, no sentido de estar medio morto.

**ZOQUETE.** ‘persoa moi torpe’. É posible que proceda de *zoco* ‘calzado de coiro con piso de madeira’, establecendo unha relación da tosquidade do calzado con esa mesma característica da persoa (Cfr. *patán* e *paleto*). De tódolos xeitos, Coromines ve unha orixe no árabe *suqât* ‘cousa inservible, obxecto sen valor’, pero para eso parte doutros significados que ten *zoquete* en castelán (‘pedazo de madeira ou de pan que queda sobrance’) e non hai en galego; e incluso outros, como García de Diego, contemplan a orixe céltica que deu o aragonés *zoca*, o catalán *soca* ou o francés *souche* ‘tronco ou toco dunha árbore’. Se aceptasemos estes étimos, teríamos que aceptar *zoquete* como castelanismo, pois non temos en galego eses significados, nin para esta palabra nin para *zoco* (Eladio Rodríguez incorpora no seu dicionario estes significados, pero vese que copia literalmente do da RAE). Relacionado con esta palabra está *tarugo* (común ó portugués e ó castelán, non ó galego, aínda que o suxiren algúns dicionarios), que do significado de ‘cravo de madeira’ adquiriu modernamente no castelán o de ‘torpe, aparvado’.

**ZOTE.** ‘ignorante’, ‘torpe, tardo en aprender’. Está presente, con distintas variantes, en case que tódolos romances (port. *zote*, fr. *sot*, it. *zótico*). A orixe é incerta, probablemente de creación expresiva, semellante a *tonto* ou *sonzo* (rexistrado en Pontevedra, igual ca *zonzo* en castelán). Algúns estudiosos falan de posible galicismo, pero non se entendería o port. *zote* con sonora.

**ZOUPÓN.** ‘lento’, ‘torpe’. Ten as variantes *zampo*, *zoupeiro*, *zampallán*, *zoupello*, *zoupudo*, creados sobre *zoupar* ‘pegar’, onomatopeico. O castelán *zopenco* ‘tonto’ está construído sobre *zopo* ‘a man ou o pe torcido ou contrafeito’ ou ‘persoa que ten eses defectos’.

**ZULÚ.** ‘pouco sociable, salvaxe, bruto’. Coma *zombi* é un insulto exótico que nos remite a unha tribo africana, en Sudáfrica, que fixo unha gran resistencia ó racismo branco.